

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

FAVORECER O EMPREGO ESTABLE E FACILITAR A INSERCIÓN LABORAL DOS TRABALLADORES/AS CON MAIORES DIFICULTADES E DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL COA FINALIDADE DE FACILITAR A INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE PRESENTAN DESVENTAXES E DIFICULTADES PARA REINCORPORARSE AO MERCADO DE TRABALLO E PARA FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL A TRAVÉS DOS SEGUINTES PROGRAMAS

- ❖ **PROGRAMA/ANEXO A:** PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL [Anexo A]
- ❖ **PROGRAMA/ANEXO B:** PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS [Anexo B]
- ❖ **PROGRAMA/ANEXO C:** PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL [Anexo C]

3. TIPOS DE APOIO

SUBVENCIÓN A FONDO PERDIDO. LIÑAS DE AXUDA:

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

EMPREGADORES E AS EMPRESAS, CALQUERA QUE SEXA A SÚA FORMA XURÍDICA, INCLUÍNDO AUTÓNOMOS, SOCIEDADES CIVÍS E COMUNIDADES DE BENS, AÍNDA QUE CAREZAN DE PERSONALIDADE XURÍDICA **QUE CONTRATEN TRABALLADORES/AS POR CONTA ALLEA PARA PRESTAREN SERVIZOS EN CENTROS DE TRABALLO SITOS EN GALICIA.**

**No caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.*

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas nin os centros especiais de emprego.

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR EMPRESARIAL, SE BEN AO SER AXUDAS SOMETIDAS AO RÉXIME DE MINIMIS DETERMINADOS SECTOR QUEDAS EXCLUÍDOS DESTES INCENTIVOS.

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

SUBVENCIONARANSE AS CONTRATACIÓNS REALIZADAS **ENTRE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E O 30 DE XUÑO DE 2010.** (no caso da transformación de contratos temporais en indefinidos éstos deben estar vixentes no momento de publicación da orde)

Os contratos e as transformacións de contratos temporais en indefinidos deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina de emprego na forma regulamentaria establecida

EXCLUENSE DOS BENEFICIOS REGULADOS NESTA ORDE:

PROGRAMA/ANEXO A: PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE INDEFINIDA INICIAL

1.-As relacións laborais de carácter especial, así como as contratacións de traballadores/as para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2.-Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, da empresaria/o ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. **Non será aplicable esta exclusión** cando o empregador sexa un/unha autónoma que contrate por conta allea aos fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3.-As contratacións realizadas con traballadores/as que, nos **24 meses anteriores** á data de contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato indefinido ou **nos últimos tres meses** mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación

4.-Exclúense traballadores que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de **3 meses previos** á formalización do contrato polo que se solicita á axuda, agás que finalizase por un despido declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 51 e 52 c)do Estatuto dos Traballadores.

PROGRAMA/ANEXO B: PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS: exclúense dos beneficios destas axudas as excepcións recollidas nos apartados 1 e 2 anteriores

PROGRAMA/ANEXO C: PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL: exclúense dos beneficios destas axudas as excepcións recollidas nos apartados 1 e 2 anteriores.

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

--**PROGRAMA/ANEXO A: PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE INDEFINIDA INICIAL:** como consecuencia da contratación **ten que incrementarse o cadro de persoal fixo e o emprego neto da empresa en Galicia respecto da media dos 3 meses anteriores ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención.**

--PROGRAMA/ANEXO B: PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS:

-Como consecuencia da contratación ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa en Galicia respecto da media dos 3 meses anteriores ao mes de realización da contratación.

-Incentivarse a transformación dos contratos temporais en indefinidos **sempre que transcorreran menos de 24 meses desde a súa celebración inicial**, agás as modalidades temporais cuxa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose tódalas modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade

-No caso de transformacións de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será a tempo completo, excepto as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-discontinuo. Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido ser, como mínimo, igual.

-Se a transformación se produce con anterioridade á duración inicial dun contrato temporal subvencionado, compensarase a parte da subvención concedida, correspondente ao período non esgotado reducindo, na mesma contía, o incentivo pola transformación do contrato en indefinido

****SON OBRIGAS PARA OS BENEFICIARIOS DAS LIÑAS A E B AS SEGUINTE:**

1. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas ao abeiro desta orde **durante un período de 3 anos contado** desde a data de realización da contratación.
2. Manter, en cómputo anual, o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal durante 3 anos, que se contarán desde a data de realización da contratación.
3. Manter en cómputo anual, durante 3 anos, o número total de persoas do seu cadro de persoal, que se contarán desde a data de realización da contratación.
4. **Finalizado o período de 3 anos**, o beneficiario está obrigado a presentar nos 3 meses seguintes unha declaración da media de persoal traballador fixo no conxunto de centros de traballo en Galicia no período de 12 meses contados dende o seguinte ao da realización das contratacións subvencionadas, así como o TC2 correspondente ao último mes de dito período de 12 meses. Declaración que debe presentarse por cada un dos 3 anos seguintes ao da contratación, se ben o beneficiario poderá presentala anualmente.

--PROGRAMA/ANEXO C: PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL

*Nas axudas para a substitución das persoas traballadoras en excendencia para o coidado de familiares ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares, a empresa beneficiaria deberá, no caso de cesamento da traballadora interina, cubrir o posto de traballo **nos 10 días seguintes á baixa** e comunicar a data de incorporación dentro do mes seguintes a que se produza

****No caso de contratación dos colectivos das letras e) e f) do artigo 2.1º** a empresa beneficiaria deberá manter no seu cadro a persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención

****No suposto de extinción laboral** dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, **a empresa está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes**

8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES

--PROGRAMA/ANEXO A: PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE INDEFINIDA INICIAL: serán subvencionables as contratacións realizadas desde o 16 de setembro do

2009 ata o 30 de xuño de 2010. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais que se realicen con:

- **Persoas desempregadas de longa duración**
- **Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego**
- **Persoas desempregadas maiores de 45 anos**
- **Mozos/as desempregados de 30 ou menos anos de idade, sen cualificación**
- **As persoas desempregadas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero**
- **Mozos/as desempregados con cualificación**

--PROGRAMA/ANEXO B: *PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS.* Serán subvencionables:

a) As transformacións que se formalizasen desde o 16 de setembro de 2009 e ata a data de publicación desta orde, de contratos temporais en indefinidos.

b) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que se formalicen desde a data de publicación desta orde e ata o 30 de xuño de 2010, sempre que o contrato temporal obxecto de transformación estivese vixente no momento da súa publicación

Serán subvencionables nas seguintes circunstancias:

1.-Nas **microempresas**, as transformacións en indefinidos de calquera tipo de contratos

2.-Nas **restantes empresas**, as transformacións en indefinidos de calquera modalidade de contrato temporal sempre que se leve a cabo a contratación indefinida cun traballador pertencente a un colectivo desfavorecido dos definidos no artigo 2º.1 letras a),b),c),d)e) e f) da orde

Esta contratación indefinida inicial deberá realizarse **entre o 16 de setembro de 2009 e o 30 de xuño de 2010, e en todo caso, ambas as dúas contratacións deberán realizarse antes da presentación da solicitude da subvención.**

Para o previsto neste apartado 2. no caso de mozos/as que na data de celebración do contrato temporal que se transforma tiveran 30 ou menos anos de idade, só se poderán transformar os contratos de modalidades en prácticas, para a formación, de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación

3.-No caso de persoas desempregadas pertencentes aos colectivos en risco de exclusión social sinalados no artigo 2.1ºf), incentivarase todas as transformacións **calquera que sexa a modalidade do contrato temporal**

--PROGRAMA/ANEXO C: *PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL*

***Subvenciónanse as contratacións temporais formalizadas desde o 16 de setembro de 2009 e ata o 30 de xuño de 2010**

*Serán subvencionables os **contratos de interinidade** sempre que se realicen con persoas desempregadas de acordo co establecido no artigo 2.2º da orde, para substituír persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares, nos supostos previstos no artigo 46.3º do E.T, **por un período non inferior a 4 meses nin superior a 3 anos**, e sempre que en virtude dunha disposición legal ou do convenio colectivo de aplicación se trate dunha excedencia con reserva de posto de traballo, ou con redución de xornada de traballo por motivos familiares segundo o previsto no artigo 37.5º do E.T.

*Serán subvencionables **todas as modalidades contractuais de carácter temporal, cunha**

duración mínima de 6 meses, que se realicen con persoas desempregadas que pertencen a algún dos colectivos seguintes: vítimas de violencia de xénero e/ou colectivos en risco de exclusión social.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

--PROGRAMA/ANEXO A: *PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE INDEFINIDA INICIAL*. Estas contratacións incentivaranse en todos os casos cunha axuda de :

1. **6.000 EUROS**, cando a empresa teña no mes de contratación unha taxa de estabilidade igual ou superior á establecida no seu convenio específico ou, no seu defecto, **ao 75%**.
2. **4.000 EUROS**, para as restantes empresas.

Estas contías graduaranse en atención ás seguintes circunstancias:

***Incremento dun 10% da subvención que corresponda** en contratacións realizadas con mulleres

***Incremento dun 25% da subvención que corresponda** en contratacións realizadas por microempresas.

***Incremento dun 50% da subvención que corresponda** polas contratacións realizadas por microempresas para prestar servizos en centros de traballo radicados nun concello rural.

***Incremento dun 50% da subvención que corresponda** polas contratacións realizadas con persoa desempregadas mozos/as con cualificación, e sempre que sexan encadrados no grupo de cotización correspondente a súa titulación profesional (tamén serán de aplicación os incrementos descritos anteriormente)

--PROGRAMA/ANEXO B: *PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS*

***3.000 EUROS**, cando as transformacións as realice unha empresa que teña no mes da contratación unha taxa de estabilidade igual ou superior á establecida no seu **convenio específico** ou, no seu defecto, **ao 75%**

***2.000 EUROS**, nas restantes empresas

--PROGRAMA/ANEXO C: *PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL*

*O contratos temporais formalizados con persoas que pertencen algún dos colectivos seguintes: vítimas de violencia de xénero e/ou colectivos en risco de exclusión social incentivaranse de acordo coa seguinte escala:

- **6 meses.- 2.520 euros**
- **7 meses.- 2.940 euros**
- **8 meses.- 3.360 euros**
- **9 meses.- 3.780 euros**
- **10 meses.- 4.200 euros**
- **11 meses.- 4.620 euros**
- **12 meses.- 5.040 euros**

*Os contratos de interinidade que se realicen con persoas desempregadas incentivaranse cunha axuda de **1.800 euros**, que se reducirá proporcionalmente cando a duración sexa inferior a un ano

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O PRAZO FINAL PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS E SUBVENCIONS DOS DISTINTOS PROGRAMAS, INCLUÍDAS AS SOLICITUDES POLAS CONTRATACIONES SUBVENCIONABLES QUE SE REALICEN ENTRE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E A DATA DE PUBLICACION DESTA ORDE, SERÁ **O DÍA 30 DE XUÑO DE 2010.**

11. INCOMPATIBILIDADES

OS INCENTIVOS ESTABLECIDOS PARA CADA COLECTIVO OU MODALIDADE DE CONTRATACION RECOLLIDOS NESTA ORDE SON INCOMPATIBLES ENTRE SI (para o caso de que unha mesma contratacion puidese dar lugar á súa inclusion en máis dun dos supostos correspóndelle a eleccion ao solicitante).

AS AXUDAS E SUBVENCIONS ESTABLECIDAS PARA CADA PROGRAMA, SON INCOMPATIBLES CON OUTRAS, QUE POLOS MESMOS CONCEPTOS, POIDAN OUTORGAR AS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS COMO MEDIDA DE FOMENTO DE EMPREGO. NON OBSTANTE, SERÁN COMPATIBLES, SE É O CASO, COS INCENTIVOS EN FORMA DE BONIFICACIONES Á SEGURIDADE SOCIAL.

OS INCENTIVOS ESTABLECIDOS NESTA ORDE NON PODERÁN, EN CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS, SUPERAR O 60% DO CUSTO SALARIAL DE 2 ANUALIDADES

ESTES INCENTIVOS SERÁN COMPATIBLES CON CALQUERA OUTRA AXUDA PARA DISTINTA FINALIDADE, PERO EN NINGÚN CASO, PODE SUPERAR OS LÍMITES ESTABLECIDOS POLA UNIÓN EUROPEA NIN POLA LEI DE SUBVENCIONS DE GALICIA.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DO 4 DE MAIO DE 2010, PUBLICADA NO D.O.G. 7 DE MAIO DE 2010.

13. INFORMACION E TRAMITACION EN

-DEPARTAMENTOS TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, NO CASO DE QUE A CONTRATACION SE REALICE PARA PRESTAR SERVICIOS NO RESPECTIVO ÁMBITO PROVINCIAL

-DIRECCION XERAL DE PROMOCION DO EMPREGO, NO CASO DE QUE SE TRATE DE CONTRATACIONES QUE SE REALICEN PARA PRESTAR SERVICIOS EN CENTROS DE TRABALLO RADICADOS EN VARIAS PROVINCIAS OU CANDO A SOLICITUDE SE REALICE POLA CONTRATACION DE 20 OU MAIS PERSOAS TRABALLADORAS

As empresas que presentaran solicitudes dun mesmo programa en diferentes provincias, por ter centros de traballo radicados nestas, comunicarán tal circunstancia á Dirección Xeral de Promoción do Emprego para os efectos de determinar a competencia para resolver .

14. OBSERVACIONES